



Estimado compañeiro/a

O día 12 de decembro recibíuse unha comunicación sobre un brote en Francia de *Salmonella agona* en lactantes menores de 6 meses, asociado co consumo de leite maternizado, de diferentes marcas e lotes, fabricado pola empresa Lactalis. Como consecuencia Lactalis Nutricion Iberia SLU, decidiu activar a retirada do mercado español de varios lotes das súas fórmulas infantís para lactantes como medida de precaución, por estaren fabricados na mesma liña de produción que os lotes das marcas francesas afectadas.

Por parte do Servizo de Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública informouse, inmediatamente, desta alerta aos Servizo de Medicina Preventiva e aos Laboratorios de Microbioloxía de todos os hospitais para que notificasen calquera illamento desta *Salmonella*. Debido a que a caducidade dos produtos é en 2019 non se pode descartar que aínda se poidan presentar máis casos.

Con motivo da alerta, en España, detectáronse catro casos de *Salmonella* en lactantes, tres deles con antecedentes de consumo de leite fabricado por esta empresa, das cales só unha delas era semellante ás do brote francés. Ademais, tanto un dos casos de salmonelose relacionado cos casos de Francia como outro, sen relación co brote francés, consumiran mostras de leite entregadas polo seu pediatra.

Como Lactalis Nutricion Iberia SLU encargou aos seus delegados territoriais que avisen aos pediatras e retiren as mostras gratuítas que lles entregaran, cremos importante que debe chegar a profesionais en contacto con mulleres parto e puerperio, fundamentalmente pediatras, enfermeiras de pediatría (tanto de consultas como de hospitalización e servizos de neonatos e lactantes) e matronas (consultas, partos e hospitalización) a información relativa a esta alerta, para que notifiquen os casos que identifiquen.

Ademais, será necesario lembrarllas a prohibición de entregar as nais ou membros das súas familias, mostras, sexa directa ou indirectamente a través dos servizos sanitarios ou persoal sanitario, segundo se recolle no *código Internacional de Comercialización de Sucedáneos do Leite Materno (OMS/UNICEF, 1981)*, máis amplamente desenvolto no *Real Decreto 867/2008 polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e dos preparados de continuación*, nos que se recollen, entre outros os seguintes:

**Artigo 9. Presentación e publicidade.**

1. *A publicidade dos preparados para lactantes limitarase ás publicacións especializadas na asistencia infantil e ás publicacións científicas.*
2. *Prohíbese a publicidade nos lugares de venda, a distribución de mostras ou o recurso a calquera outro medio de propaganda, dirixido a fomentar as vendas de preparados para lactantes directamente ao consumidor nos establecementos de venda polo miúdo, como exhibicións especiais, cupóns de desconto, primas, vendas especiais, vendas promocionais ou vendas acopladas.*
3. *Prohíbese aos fabricantes ou distribuidores de preparados para lactantes proporcionar ao público en xeral, ás mulleres embarazadas, nais ou membros das súas familias, produtos por debaixo do prezo de custo ou por prezo simbólico, mostras nin ningún outro obsequio de promoción, xa sexa directa ou indirectamente a través dos servizos sanitarios ou do persoal sanitario.*



**Artigo 15. Réxime sancionador.**

De acordo co disposto no artigo 35, B), 1.o, da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, considerarase falta grave o incumprimento das normas de etiquetado, información e publicidade dos produtos contemplados nesta Regulamentación técnico-sanitaria.

Todo o cal vai en liña coas estratexias da Consellería de Sanidade que, inclúen como obxectivos fomentar, protexer e axudar á lactación materna durante o embarazo, parto e puerperio.

Recibe un cordial saúdo,

O director xeral de Saúde Pública



Andrés Paz-Ares Rodríguez

O director xeral de Asistencia Sanitaria



Jorge Aboal Viñas

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017